

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 24 DE NOVEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 17 de novembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

– Orde do 19 de novembro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro). (Diario Oficial de Galicia número 235, do 20 de novembro de 2020):

- Anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas. Servizo Provincial da Coruña. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, respecto de pago de xuros de demora por expropiacións para a obra "Mellora da seguridade viaria na estrada AC-213, p.q. 2+360 ao 3+810, con clave de obra AC/07/128.06, o día 22.12.2020, na casa do Concello de Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 199, do día 23 de novembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 19 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1716/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1758/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1716/2020	13-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1717/2020	13-11-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de novembro de 2020
1718/2020	13-11-2020	Contrato menor mediante sistema de vale pedido para realizar las obras de aumento de chimenea de extracción de gases existente en la cubierta del local social de Brexo
1719/2020	13-11-2020	Nomear graduada social interina á aspirante proposta polo tribunal de selección PVV
1720/2020	13-11-2020	CM a Teatro del Noroeste, S.L. / "Animais de compañía" / REDE CULTURAL
1721/2020	13-11-2020	CM a Producciones El Asombro / REDE CULTURAL
1722/2020	13-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 1.355,20 euros
1728/2020	14-11-2020	Aprobación do proxecto e solicitude de subvención para a prórroga da AEDL
1723/2020	16-11-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Pena da Nosa Señora, Cambre. Propiedade: EVdeL
1724/2020	16-11-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pena da Nosa Señora, Cambre Propietario: JLRV, SIMLLI e outros
1725/2020	16-11-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcelas sitas na Pena da Nosa Señora, Cambre. Propietarios: JIde LM e MJJM
1726/2020	16-11-2020	Conceder a autorización municipal para a colocación dun panel informativo da "Ruta Impresionista Llorens" no Paseo Marítimo, O Temple. Solicitante. Asociación de DRM-B
1727/2020	16-11-2020	Reposición legalidade urbanística a JFP e outro SC por construción dunha nave sen axustarse ao proxecto que obtivo licenza e posteriores modificacións realizadas na citada nave sita en Pombo Pravio
1729/2020	16-11-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 19 de novembro de 2020
1730/2020	16-11-2020	IRF Aprobación de indemnizacións participantes Prisma xuño a setembro 2020
1731/2020	16-11-2020	CM para sesións de CONTACTOS EN INGLÉS
1732/2020	16-11-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2020
1733/2020	16-11-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de axuda no fogar do mes de agosto de 2020
1734/2020	17-11-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 14/2020. Área de gasto 3
1735/2020	17-11-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Torre, Meixigo. Propiedade: Herdeiros de MJLR
1736/2020	17-11-2020	Expediente sancionador por colocación de carteles en mobiliario urbano do Concello de Cambre no Temple á altura de Casa das Palmeiras por ARV e CEC
1737/2020	17-11-2020	Concesión axuda vale alimentos a LFD durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1738/2020	17-11-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado da maleza en parcela colindante á sita en Pena da Nosa Señora, Cambre. Propiedade: Herdeiros de REB
1739/2020	17-11-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Meixigo, Cambre. Propiedade: MÁSG
1740/2020	17-11-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: JRMB
1741/2020	17-11-2020	Reposición legalidade urbanística AARI S.L. pola colocación de banderolas publicitarias sen comunicación previa de obras no lugar de Castrobo, Anceis
1742/2020	17-11-2020	Reposición legalidade urbanística por obras de colocación de portal en finca sita en Aián, Sigrás sin título habilitante municipal nin autorizacións sectoriais. Propiedade: JAGG
1743/2020	17-11-2020	Resolución proceso selectivo concurso oposición para nomeamentos de técnicos de xestión económico financeira interinos e aprobación de bases
1744/2020	18-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1745/2020	18-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: MVJ
1746/2020	18-11-2020	Subsanación defectos boca bombeo Peiraió
1747/2020	19-11-2020	Renuncia a licenza de obra para construír vivenda unifamiliar de planta baixa en Sigrás de Arriba, Sigrás. Solicitante: ZGC
1748/2020	19-11-2020	Conceder a licenza municipal para a colocación de tres faldróns laterais nos toldos da terraza da cervexaría "As Rúas", sita na rúa Constitución, O Temple. Solicitante: AA, S.C.
1749/2020	19-11-2020	Aprobación da acreditación da entidade Sementeira Cambre do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio para a promoción musical durante o exercicio 2019
1750/2020	19-11-2020	APSV " CAMPAÑA DE NADAL 2020"
1751/2020	19-11-2020	Concesión tarxeta estacionamento.Solicitante: JRB

1752/2020	19-11-2020	CM a Malasombra Producións, S.L. - Obra "A tartaruga Manola" - REDE CULTURAL
1753/2020	19-11-2020	CM a Anxo García Fernández : "O meu mundo non é deste reino"
1757/2020	19-11-2020	Celebración voda civil o 21 de novembro de 2020 ás 13 horas
1758/2020	19-11-2020	Concesión subvencións en réxime concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato para a substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo, á entidade Acerluz Galicia, S.L. no prezo ofertado de 15.493,40 € sen IVE, 18.747,01 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000177

- Proposta de adxudicación do contrato para a adecuación estética en varios locais municipais, á entidade Pinturas González Iglesias, S.L. no prezo ofertado de 7.488,00 € sen IVE, 9.060,48 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000178

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do contrato para a substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo, á entidade Acerluz Galicia, S.L. no prezo ofertado de 15.493,40 € sen IVE, 18.747,01 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000177

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 6 de outubro de 2020 asínase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado "Descrición técnica para a substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo", cun orzamento de 17.550,40 € sen IVE, 21.235,98 € IVE incluído.

Dito documento describe o estado das instalacións, segundo inspección técnica realizada o 17 de setembro de 2020, e nel se indica que a sinxeleza estrutural da carpintería exterior, cun so vidro temperado, e o estado de deterioro dalgunhas ferraxes fan imposible garantir a estanquidade e provocan problemas de condensación, humidades e ineficacia térmica do edificio. Por iso, propónse a substitución total da carpintería exterior, para corrixir as deficiencias detectadas e mellorar as condicións do edificio en canto a confort, salubridade e eficiencia enerxética, tendo en conta que este local utilízase como séde da Asociación de Veciños de Santa María de Vigo e nel desenvólvense diferentes actividades programadas por dita asociación

Con data 9/10/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador da Área de Educación e Cultura municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado no exercicio das competencias municipais en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, segundo establece o

artigo 25.2.m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data do 18 de novembro actual emítase informe complementario polo coordinador de actividades culturais e educativas, no que xustifica a urxencia da contratación desta obra , entre outros motivos, en que a actuación se propón nun dos locais sociais con maior uso intensivo, e si as obras de referencia non se inician con premura, as obras no van a poder finalizarse antes do reinicio da nova normalidade, e sobre todo antes da chegada do inverno, que visibilizará as deficiencias estruturais sinaladas na memoria do arquitecto, tendo en conta que un dos fines primordiais da Área de Cultura, Deportes e Xuventude é a posta a disposición dos cidadáns das actuacións en instalacións culturais municipais no menor tempo posible, para que, polo contrario, o tempo de disfrute destes espazos por parte dos cidadáns sexa o maior posible. Tamén fai referencia a que se atopa en fase de preparación un expediente de contratación por procedemento aberto, para o “Servizo de reparación e mantemento dos centros escolares e pavillóns polideportivos de Cambre”, no que se incluírán todas as instalacións e edificios municipais ampliando o espírito do obxecto do contrato, recollendo un apartado de valoración de obras nas citadas instalacións .

Con data 13/10/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933. 62200, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 29/10/2020 emítase informe asinado polo coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- DIVINOR, S.L.
- LORCON INVERSIONES Y MONTAJES INDUSTRIALES, S.L.
- CARPINTERÍA VEIRAS METAL, S.L.
- ACERLUZ GALICIA, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CARPINTERÍA VEIRAS METAL, S.L.	16.820,00 €	20.352,20 €
ACERLUZ GALICIA, S.L.	15.493,40 €	18.747,01 €

formulando proposta de adxudicación da obra de “Substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo” á entidade ACERLUZ GALICIA, S.L., con CIF B705***** e domicilio en A Telva 9-12 Sigrás - 15181 Cambre, no prezo ofertado de 15.493,40 € sen IVE, 18.747,01 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 18 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 380/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 22 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, contempladas no artigo 25.2. m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Descrición técnica para a substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito cun orzamento de 17.550,40 € sen IVE, 21.235,98 € IVE incluído , así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933. 62200

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000177, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato das obras de “Substitución da carpintería exterior do local social municipal de Santa María de Vigo” á entidade ACERLUZ GALICIA, S.L., con CIF B705***** e domicilio en A Telva 9-12 Sigrás - 15181 Cambre, no prezo ofertado de 15.493,40 € sen IVE, 18.747,01 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, sendo este o factor prezo

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador de Cultura e Educación municipal, don José Luís Martínez Názara.

Sétimo: Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de Cultura e Educación municipais, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do contrato para a adecuación estética en varios locais municipais, á entidade Pinturas González Iglesias, S.L. no prezo ofertado de 7.488,00 € sen IVE, 9.060,48 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000178

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 07/10/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se incorpora a Memoria Valorada para a “Adecuación estética en varios locais municipais”, cun orzamento base de licitación de 7.619,00€ sen IVE, 9.218,99 € IVE incluído, que describe as actuacións propostas que, dependendo do local de que se trate, son o plastecido de faltas, lixado e aplicación de dúas capas de pintura plástica lisa antimoho, parámetros verticais e horizontais, e en concreto, na Casa da Cultura Vila Concepción, o lixado e esmaltado do rodapie, as portas de entrada pola cara interior e os marcos das ventás, con dúas capas de esmalte acrílico. Nestes locais municipais nos que se propón o pintado de paredes, rodapies e portas, desenvólvense actividades tanto municipais como de asociacións que teñen autorizado o seu uso.

Na citada proposta-informe de necesidade de contratación, móvase a contratación no exercicio das competencias municipais en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, segundo establece o artigo 25.2.m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data do 18 de novembro actual emítese informe complementario polo coordinador de actividades culturais e educativas, no que xustifica a urxencia da contratación desta obra, entre outros motivos, en que as actuacións a realizar se efectuarán en locais onde se desenvolven actividades dirixidas, entre outras, ás escolas deportivas municipais, actividades culturais municipais e as propias das asociacións, tan importantes como a prestada pola asociación Arela, e que todas elas acollen a un amplo número de veciños, sendo locais, edificios de uso intensivo, e si as obras de referencia non se inician con premura, as obras no van a poder finalizarse antes do reinicio da nova normalidade, e sobre todo antes da chegada do inverno, que visibilizará as deficiencias estruturais sinaladas na memoria do arquitecto, tendo en conta que un dos fines primordiais da Área de Cultura, Deportes e Xuventude é a posta a disposición dos cidadáns das actuacións en instalacións culturais municipais no menor tempo posible, para que, polo contrario, o tempo de disfrute destes espazos por parte dos cidadáns sexa o maior posible. Tamén fai referencia a que se atopa en fase de preparación un expediente de contratación por procedemento aberto, para o “Servizo de reparación e mantemento dos centros escolares e

pavillóns polideportivos de Cambre", no que se incluírán todas as instalacións e edificios municipais ampliando o espírito do obxecto do contrato, recollendo un apartado de valoración de obras nas citadas instalacións .

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios , considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta obra.

Con data 09/10/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334 21200, (Mantemento edificios promoción cultural), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 03/11/2020 emítase informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que consta que no expediente foron invitadas as seguintes empresas:

IMPERCHOIVA, S.L.
ACONDIZONA GESTION OBRAS Y REFORMAS, S.L.
PINTURAS GONZÁLEZ IGLESIAS S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen	Oferta IVE incluído
PINTURAS GONZÁLEZ IGLESIAS S.L.	7.488,00	9.060,48 €
ACONDIZONA GESTION OBRAS Y REFORMAS,	7.600,00	9.196,00 €

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Adecuación estética Locais Municipais", á empresa PINTURAS GONZÁLEZ IGLESIAS S.L., con CIF B-1544****, no prezo ofertado de 7.488,00 € sen IVE, 9.060,48 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 19 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 382/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 22 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, contempladas no artigo 25.2. m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante



Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a Memoria Valorada, para a execución da obra denominada “*Adecuación estética en varios locais municipais*”, cun orzamento de 7.619,00€ sen IVE, 9.218,99 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 21200.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000178, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “*Adecuación estética en varios Locais Municipais*”, á empresa PINTURAS GONZÁLEZ IGLESIAS S.L., con CIF B-1544****, e domicilio no lugar do Pombo, Pravio, nº 37, 15668 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.488,00 € sen IVE, 9.060,48 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, sendo este o factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador de Cultura e Educación municipal, don José Luís Martínez Názara.

Sétimo: Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de Cultura e Educación municipais, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia